



Bases completas do VII Certame "Deseña unha xoia para a túa nai"

A Federación Galega de Xoieiros, en colaboración co Coxga, convoca a VII edición do Certame Deseña unha xoia para a túa nai

A Federación Galega de Xoieiros, Prateiros e Reloxeiros (en adiante, Federación Galega), con CIF G-15086366 e sede na rúa Laverde Ruiz nº 6, baixo dta. - 15702 Santiago de Compostela, en colaboración co Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia (en adiante, Coxga), con CIF Q-1500321C e sede na rúa Ramón Cabanillas, 5-7, 2ºB - 15701 Santiago de Compostela, convoca o VII Certame "Deseña unha xoia para a túa nai".

Bases:

1.- Participantes

O concurso está aberto a nenas e nenos de Galicia, de 0 a 12 anos (inclusive) e divídese en catro categorías:

- Ata os 4 anos incl.
- De 5 a 7 anos incl.
- De 8 a 10 anos incl.
- De 11 a 12 anos incl.

2.- Premios

O xurado seleccionará **80 deseños finalistas, 20 por categoría**, aos que se lles outorgará un diploma acreditativo da participación. Entre os finalistas de cada categoría entregaranse **tres premios (1º, 2º e 3º premio)**: **os deseños gañadores de cada grupo faranse realidade por xoieiros profesionais, no metal que estes entendan idóneo, e serán entregados aos seus autores antes do día da Nai.**

A xoia final, cando a execución técnica da peza así o requira, será unha interpretación do profesional que a realice.

3.- Desenvolvemento do certame

- A partir do xoves 4 de febreiro 2016, a **Federación Galega** e o **COXGA** comezarán a distribuír dípticos de participación. Poderán descargarse igualmente das web da **Federación Galega (www.fgxoieiros.es)** e do **COXGA (www.coxga.es)**.
- Os debuxantes deberán deseñar no espazo en branco reservado no díptico e cubrir todos os datos requiridos na ficha de participación.
- O prazo de presentación dos deseños é **do xoves 4 de febreiro ao xoves 31 de marzo 2016**, en calquera dos **Establecementos Colaboradores** (listado completo publicado nas páxinas web da **Federación Galega** e do **COXGA: www.fgxoieiros.es** e **www.coxga.es**, e na **sede do COXGA: rúa Ramón Cabanillas, 5-7, 2ºB - 15701 Santiago de Compostela (A Coruña)**)
- **Cada participante poderá presentar un único deseño.**
- Aínda que, pola natureza do premio, se requira que a participación sexa individual, para facilitar a entrega, **os colexios ou profesores poderán remitir nun único envío os deseños correspondentes aos seus alumnos.**
- A partir do 31 de marzo, reunírase un xurado composto polas persoas que se determinarán con anterioridade (profesionais do sector da xoiaría, educación, prensa e do mundo da arte).
- Tomando como base para a súa valoración a creatividade do autor e a súa capacidade para representar

a peza no deseño, a viabilidade da súa execución, daccordo coa súa idade, **os membros do xurado seleccionarán 20 debuxos finalistas por categoría e de entre estes elixirán os 3 deseños gañadores de cada grupo, correspondentes ao 1º, 2º e 3º premio.**

A decisión adoptada por maioría do xurado será inapelable.

- A entrega de premios farase en Santiago de Compostela, o venres 22 de abril 2016.

Para máis información, consultar as páxinas web da **Federación Galega (www.fgxoieiros.es)** e do **COXGA (www.coxga.es)** que estarán constantemente actualizadas.

4.- Aceptación das bases e notas aclaratorias

- Os autores e, no seu nome os seus titores/representantes legais, aceptan expresamente cumprir todas e cada unha das bases deste concurso. O seu incumprimento dará lugar á exclusión do participante do certame.
- Os datos dos participantes serán incorporados ós ficheiros de titularidade da **Federación Galega** e do **COXGA**, que tratarán para a organización e xestión do concurso. Poderanse exercer os dereitos de oposición, acceso, rectificación e cancelación dirixindo un escrito á **Federación Galega de Xoieiros: rúa Laverde Ruiz nº 6 baixo dta. - 15702 Santiago de Compostela (A Coruña)** e ó **COXGA: rúa Ramón Cabanillas, 5-7, 2ºB - 15701 Santiago de Compostela (A Coruña)**
- Os nomes e imaxe dos participantes, profesores e centros escolares, poderán ser obxecto de comunicación pública nas accións que a **Federación Galega** e o **COXGA** poidan levar a cabo relacionadas co certame.
- Todos os participantes ceden á **Federación Galega** e ao **COXGA** o uso e explotación dos debuxos e deseños presentados, que poderán ser obxecto de reprodución, recreación, para a súa exposición e/ou difusión pública por calquera medio de comunicación.
- Os profesionais da xoiaría, que executen as pezas, ceden á **Federación Galega** todos os dereitos de explotación das xoias elaboradas a partir dos debuxos e deseños dos participantes.
- Os deseños premiados quedarán en propiedade da **Federación Galega**. Os demais presentados poderán ser retirados na oficina do COXGA, devolvéndose á mesma persoa que os presentou, previa comprobación da súa identidade e previo aviso á oficina. Para o caso de deseños remitidos en envíos conxuntos dende un centro escolar, poderá solicitarse a devolución do mesmo xeito.
- O prazo de solicitude de devolución será dun mes dende a data da entrega de premios, transcorrido o cal, procederase á destrución das tarxetas non recollidas.
- A **Federación Galega** resérvase a interpretación das presentes bases, prevalecendo o seu criterio en caso de discrepancia.
- A **Federación Galega** resérvase o dereito a introducir unha nova categoría de premios, ademais dos previstos, en base á participación.

Santiago de Compostela, a 15 de xaneiro 2016



Federación Galega de Xoieiros:

rúa Laverde Ruiz nº 6 baixo dta. - 15701 S. de Compostela. 981 597 500 - fgjoyros@mun-do-r.com - www.fgxoieiros.es

Colexio Oficial de Xoiaría:

Ramón Cabanillas, 5-7, 2º B - 15701 Santiago de Compostela (A Coruña) - 981 598 858 - info@coxga.es - www.coxga.es

